

# SONS tránsitos

2°

*festival*

**Teatro Principal**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
DECEMBRO 2014

sábado **13**  
**VITOR RAMIL**  
*Brasil*  
coa colaboración de  
**Xabier Díaz / Guadi Galego**  
**Guillermo Fernández / Uxia**  
20.30

venres **12**  
**LUAR NA LUBRE**  
*Galicia*  
**ANDRÉS PENABAD**  
*Galicia*  
20.30

## II FESTIVAL SONS TRÁNSITOS

Tránsitos, festival da mobilidade e da diversidade cultural, iniciou a súa andadura no Auditorio de Tenerife hai agora sete anos, sendo un Festival que en pouco tempo conseguiu transcender as fronteiras do arquipélago pola súa orixinalidade na posta en marcha e pola aposta arriscada da súa programación, mantendo como prioridade a calidade dos grupos. Froito da colaboración do Festival co Concello de Santiago, en Compostela nace como Festival Sons Tránsitos, que está agora na súa segunda edición.

O obxectivo de Sons Tránsitos é consolidar en Santiago de Compostela un punto de encontro da música e da cultura, fomentando a participación de todos e a diversidade que nos rodea, a través dunha programación fortemente enraizada na música tradicional. As novas formas de fusión, os ritmos máis actuais, as tendencias máis innovadoras e os sons e melodías máis acordes aos nosos días tamén terán cabida en SONS TRÁNSITOS, que nace con vocación de continuidade no tempo.

A música é unha linguaxe universal que favorece o coñecemento da nosa contorna. O encontro, a fusión, a mestizaxe deses sons, das diversas formas de entender a música, axúdanos á aproximación doutras culturas, doutros pobos, creando sons actuais, pero conservando as raíces e tradicións musicais do pasado. De todo iso é posible aprender, e é o noso traballo favorecer o mantemento desas ensinanzas musicais que son parte da identidade de cada pobo.

Esa é a aposta de SONS TRÁNSITOS, un festival que considera Santiago de Compostela como unha cidade idónea para acoller a súa proposta pola súa condición de punto de encontro de culturas e a súa rica tradición no goce das músicas tradicionais e do mundo ao longo dos últimos anos.

Sons Tránsitos está producido por Mirmidón Producciones e forma parte da programación cultural do Concello de Santiago. As entradas están á venda en <http://entradas.abanca.com>. O prezo por noite é de 15 euros, con bonos para as dúas noites por 25 euros.



# II FESTIVAL SONS TRÁNSITOS



## TEATRO PRINCIPAL

Venres 12 de decembro

**LUAR NA LUBRE** (Galicia)  
**ANDRÉS PENABAD** (Galicia)

Sábado 13 de decembro

**VÍTOR RAMIL** (Brasil)  
Coa colaboración de:  
**Xabier Díaz / Guadi Galego**  
**Guillermo Fernández / Uxía**



VENDA DE ENTRADAS  
entrada día / 15 euros  
abono 2 concertos / 25 euros  
entradas.abanca.com / 902 434 442  
Teatro Principal (34 981 21 0014 de martes a sábado)



# Luar na Lubre



**Luar na Lubre** é un dos máis destacados e veteranos grupos do folc galego. Fundados en 1986 na Coruña, o grupo liderado por Bieito Romero leva percorrido varios continentes amosando a música galega.

A súa carreira despegou internacionalmente logo de que Mike Oldfield escollera un dos seus temas, 'O son do ar', para o seu disco 'Voyager', e logo o acompañaran nunha xira. Teñen recibido múltiples premios ao longo da súa traxectoria, coroada por 12 traballos discográficos e dous discos de ouro, nove Premios da Música, máis de 300.000 discos vendidos e máis de 1.000 concertos en máis de 23 países...

O seu último proxecto é 'Torre de Breoghán', un ambicioso espectáculo xunto coa Orquestra Sinfónica de Galicia que recrea unha ancestral historia épica con A Coruña, Galicia e Irlanda como protagonistas.

<http://www.luarnalubre.com>

# Andrés Penabad



Andrés Penabad, que teloneará a Luar na Lubre, é un novísimo e virtuoso acordeonista que está a presentar o seu disco de debut, 'Crossing', no que colabora Kepa Junkera, Bieito Romero, Davide Salvado ou Edelmiro Fernández entre outros. A pesar da súa mocidade conta xa cunha longa traxectoria na música folque, chea de premios e recoñecementos, e até cunha escola de acordeón que leva o seu nome.

Comezou os seus estudos musicais aos 14 anos e conta no seu currículo con numerosos premios en concursos, entre os que podemos destacar no ano 2004 o 1º posto categoría Solista Excelente no Certame Internacional de acordeón celebrado en Torrelavega (Cantabria), 1º posto na categoría dúo excelente no certame Nacional de acordeón celebrado en Ourense no ano 2005, así como dous 1º postos no certame Internacional de acordeón celebrado en Torrelavega (Cantabria) e no certame Guipuscoano de acordeón celebrado en Arrasate (Mondragón) como solista da orquestra de acordeóns Robaleira de Cedeira en 2005 e 2010 respectivamente. Tamén hai que destacar colaboracións con Kepa Junkera, Xabi Aburrizaga, Pablo Díaz, Ultràqäns ou Xoán Carlos Rilo entre outros.

Na actualidade acaba de rematar a gravación do seu primeiro disco en solitario, disco no que o seu acordeón é o protagonista acompañado por un elenco de músicos de gran talento que o acompañan en todos os seus concertos.

<http://www.andrespenabad.com/>

# Vítor Ramil



Chámanlle “un dos segredos máis ben gardado da música do Brasil”. Ramil volve a Galicia logo de triunfar o pasado xaneiro en ‘Cantos na Maré’ e protagonizará o concerto do día 13 de decembro. De anterigos galegos, Ramil é un cantautor gaúcho ademais de escritor, que presentará aquí o seu último disco ‘Foi no Mês que Vem’.


Neste disco propón unha relectura de algunhas cancións escollidas da súa discografía na forma máis próxima á que foron compostas: violao e voz. Nalgúns temas conta coa colaboración de amigos como Milton Nascimento, Ney Matogrosso, Jorge Drexler, Marcos Suzano, Carlos Moscardini ou Santiago Vasquez, entre outros.

Nos espectáculos no Brasil, Ramil acolle no escenario algúns dos participantes no disco. Para este concerto no Principal contará coa presenza de Uxía, Xabier Díaz, Guadi Galego e Guillermo Fernández.

<http://www.vitorramil.com.br>



# SONS trÁnsitos



## Festival Sons TrÁnsitos

Comunicación

Rocio Castro

+34 699.945.778

<https://www.facebook.com/sonsTransitos>

Dirección e produción

Maruchy Suarez

maruchy.mirmidon@gmail.es

667706241

<http://mirmidon.com/>



VENDA DE ENTRADAS

entrada día // 15 euros

abono 2 concertos // 25 euros

[entradas.abanca.com](http://entradas.abanca.com) / 902 434 443

Teatro Principal (18.00-21.00 h, de martes a sábado)

